



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xuño de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de xuño de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(595).- ACTA ANTERIOR.** Apróbese a acta da sesión ordinaria do 24 de maio e extraordinaria e urxente do 25 de maio de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(596).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 1538/611.**

Dáse conta da proposta asinada con data 4/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**10.- Propostas de clasificación**

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) na seguinte orde descendente:

<b>Orde</b>	<b>PUNTUACIÓNS</b>	<b>TOTAL</b>
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.	97,50
2	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.	90,27
3	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	67,54

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional prevista no apartado 6D do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.083,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(597).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN OU NORMAS DE ACTUACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA NOS CENTROS ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 29372/220.**

Dáse conta da proposta asinada con data 4/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD	80
PREVINEM	74,41
COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y PROYECTOS	67,15
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	66,04
PEDRO MURCIEGO DELGADO	61,24

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 941,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(598).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN E MANTEMENTO DO OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DE VIGO. EXPTE. 14689/77.**

Dáse conta da proposta asinada con data 31/05/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77) na seguinte orde descendente:



## Concello de Vigo

Empresas licitadoras	Puntuación criterios xuízo de valor	Puntuación criterios de fórmula	TOTAL
AXIOMA ANÁLISIS ESTADÍSTICOS S.L.	29,25	65,00	<b>94,25</b>
I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA SL	13,00	42,37	<b>55,37</b>

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXIOMA ANÁLISIS ESTADÍSTICOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 874,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(599).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BARREIRO. EXPTE. 10083/446.**

Visto o informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 31/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) na seguinte orde descendente:*

<i>Orde</i>	<i>Licitadores</i>	<i>Puntos</i>
1	BRINCATEL ESPAÑA, S.L.	83,00
2	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	77,50
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	76,28
4	LAPPSET ESPAÑA VR, S.L.	25,26

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

**Terceiro.-** *Requirir ao citado licitador o aboamento de 977,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRINCATEL ESPAÑA, S.L., o día 25 de maio de 2018 que presenta a documentación requirida o 21 e 29 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para que puidese presentar documentación acreditativa de que posúe a



## Concello de Vigo

solvencia técnica e profesional esixida na cláusula 8 do PCAP, pois a que presentou resulta insuficiente.

**Cuarto.-** En base ao requirimento da Mesa do 24 de maio de 2018, BRINCATEL ESPAÑA, S.L. presentou documentación acreditativa da solvencia técnica. Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BRINCATEL ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BRINCATEL ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 17 e 27 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a BRINCATEL ESPAÑA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 144.619,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.099,23 euros.*

- b) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos, facendo un total de 12 anos.*
- c) *Propón un incremento do prazo mínimo da garantía ofertada da obra executada de 10 anos, facendo un total de 15 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(600).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DE CEDRO E UBAS. EXPTE. 149705/301.**

Visto o informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 31/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de abril de 2018 polo que non se admitiu neste procedemento a DN24 2000, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 80.4 do RLCAP.*





## Concello de Vigo

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación total
1	SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	95,80 puntos

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 900,88 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., o día 14 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 25 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa

de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 26 de abril de 2018 e do acordo adoptado pola mesa na súa sesión do 7 de maio de 2018 de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 286.915,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.795,20 euros.*
- b) Que se compromete a incrementar o horario anual de prestación do servizo establecido no PPT en 100 horas anuais de libre disposición para o Concello, que poderán ser utilizadas para atender ás necesidades puntuais de CEDRO e das UBAS e ás situacións imprevistas que poidan xurdir nestes servizos durante o prazo de execución do contrato.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(601).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 19840/240.**

Visto o informe de fiscalización do 04/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:



## Concello de Vigo

### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) na seguinte orde descendente:*

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	OH VIGO, S.L.	100
2	VIGO EVENTOS, S.L.	95,39
3	RESTAURACIÓN A-52, S.L.	94,01
4	UTE VIGO VIWES, S.L. e CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	93,6
5	CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	93,58
6	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	93,38
7	RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	93,27
8	ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	85,69
9	MONTAS Y CREPPS, S.L.	85,69
10	DRINKS ATLANTIC, S.L.	82,41
11	ANA VÁZQUEZ GIL	53

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, polo que se entende retirada a súa oferta (artigo 151.2 do TRLCSP).

**Segundo.-** Na sesión do 4 de maio de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar OH VIGO, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo concedido, así como o seu escrito de data 25 de abril de 2017 de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e o certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 no que se fai constar que OH VIGO, S.L. ten débedas de natureza tributaria con este Concello, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta. Así mesmo, o citado licitador presentou con data do 25 de abril de 2017 un escrito de renuncia á licitación “por imposibilidade de cumprir o aval bancario nestes intres” e, segundo consta no certificado expedido pola Tesourería Municipal o 28 de abril de 2017 esta empresa ten débedas de natureza tributaria pendentes de pagamento na vía de constrinximento con este Concello.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*



## Concello de Vigo

3. *A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Este acordo foi notificado a VIGO EVENTOS, S.L. o 4 de maio de 2018, que presentou a documentación o 18 de maio.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno, na súa sesión do 10 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- A mercantil OH VIGO S.L. ofertou na licitación un canon de 41.300,00 €, obtendo no trámite de clasificación 100 puntos e o primeiro posto; a mercantil VIGO EVENTOS S.L. ofertou un canon de 16.100,00 €, obtendo no trámite de clasificación 95,39 puntos e o segundo posto.*

*Na sesión do 6 de abril de 2017 a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acordou a clasificación das empresas licitadoras e requiriu a OH VIGO S.L., primeira clasificada, ao obxecto de que no prazo de dez días presentara, (i) declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, (ii) certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, (iii) a documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do PCAP, (iv) o resgado da garantía definitiva e (v) o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.*

*Durante o prazo concedido, OH VIGO S.L. non presentou a documentación requirida, razón suficiente para entender, en aplicación do previsto no último parágrafo do artigo 151.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 3 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP), norma de aplicación, a retirada da oferta presentada por OH VIGO S.L., razón pola que se procedeu a requirir a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS S.L.*

*Segundo.- Examinada a documentación que consta no expediente, a Mesa de Contratación ten observado que ambas sociedades teñen similar obxecto social (hostalería en xeral a mercantil OH VIGO, S.L. e organización de eventos e hostalería a mercantil VIGO EVENTOS, S.L.), o mesmo socio único (D. Francisco Javier Valverde Ríos), o mesmo correo electrónico (javier@grupoohvigo.com) o mesmo “administrador único” e o mesmo representante legal (D. Francisco Javier Valverde Ríos); ambas proposicións foron presentadas no Rexistro xeral o mesmo día, 7 de marzo de 2017, e á mesma hora (ás 13 horas 12 minutos a primeira delas, e ás 13 horas 14 minutos a segunda); así mesmo no expediente consta documento de execución de títulos xudiciais 000028/2013 ditado polo Xulgado nº 2 de Vigo en data 11 de xullo de 2017 no Procedemento Ordinario 1327/2012 no que se fai constar que ambas sociedades, “OH VIGO S.L.” e “VIGO EVENTOS S.L.”, teñen*

*sido condenadas de forma solidaria en virtude de demanda interposta polos mesmos dezasete traballadores.*

*Terceiro.- Á vista de tales circunstancias a Mesa de Contratación, considerando que afectan aos principios que rexen a contratación do sector público tales como a concorrencia competitiva, igualdade, transparencia, ou deber de segredo, dirixiuse o 3 de outubro de 2017 á Comisión Galega da Competencia e o 21 de agosto de 2017 á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia ao obxecto de determinar a posible vinculación das empresas licitadoras e os seus efectos no procedemento licitatorio.*

*A Comisión Galega da Competencia, mediante escrito que tivo entrada o 27 de outubro de 2017 declinou a emisión de informe alegando que non ten atribuídas competencias específicas no ámbito da contratación pública; pola súa parte a Xunta Consultiva, a data de hoxe, non ten emitido o informe solicitado que foi reiterado o 9 de outubro de 2017, o 6 de novembro de 2017 e o 28 de febreiro de 2018.*

*Cuarto.- O TRLCSP no artigo 139, obriga aos órganos de contratación a realizar un tratamento igualitario e non discriminatorio, debendo axustar a súa actuación ao principio de transparencia; o artigo 145.2 da mesma norma advirte que as proposicións serán secretas, é dicir, do exclusivo coñecemento de quen as formula; o apartado 3 do mesmo artigo sinala que cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición.*

*A finalidade dos empresarios que concorren á licitación dun contrato público é a de ser o adxudicatario dese contrato que coa observancia dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade no trato entre os candidatos, ten que adxudicarse á proposición economicamente mais vantaxosa, artigo 1 TRLCSP.*

*Non é posible que un mesmo empresario, actuando a través de dúas diferentes empresas (distinta personalidade xurídica) presente no mesmo procedemento e ao mesmo tempo dúas proposicións, pois tal actuar contravén o principio de proposición única xa mencionado. Ademais un licitador non pode licitar contra si mesmo (Resolución 3/2012, de 18 de xaneiro de 2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).*

*O principio de igualdade garante que os diferentes empresarios interesados nunha contratación ostenten idénticas oportunidades; se un licitador presenta mais dunha oferta tal feito lle coloca nunha situación de vantaxe en relación cos demais que concorren á contratación, supoñendo iso unha manipulación do procedemento en canto á selección da proposición mais vantaxosa.*

*Quinto.- Carece de lóxica e razón que un mesmo “administrador único”, a quen lle corresponde a xestión empresarial das sociedades ás que representa, presente nun mesmo procedemento licitatorio dúas ofertas contraditorias, pois en todo caso nunha delas está renunciando á adxudicación do contrato a non ser que tal actuar discordante implique o móbil instrumental de retirar con posterioridade a oferta que lle resulta mais gravosa -que*



## Concello de Vigo

*coincide coa mais vantaxosa para a Administración- beneficiando con iso á oferta que lle resulta menos onerosa que coincide coa menos favorable para a Administración municipal.*

*Este, como consta no expediente, ten sido o subterfuxio, a estratexia, de D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., un ardid que determina o prezo, neste caso o “canon”, do contrato.*

*Sexto.- Conforme tales circunstancias e feitos, a pesar das normas de cobertura (liberdade na constitución de empresa), a pesar da diferenza formal de ambas sociedades no que é a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio e a súa denominación social, a pesar de que neste intre non resulta probado que ambas empresas compartan clientes ou provedores; a pesar, tamén, da presumible ausencia de relación entre OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., o certo e indubitado é que existe unha persoa física -o administrador único e socio único- que é un e o mesmo en ambas mercantís e que ten retirado a oferta de OH VIGO, S.L., beneficiando con iso á oferta de VIGO EVENTOS, S.L. Estes feitos e os demais citados (confusión de traballadores, identidade de actividades, mesmo correo electrónico, condena solidaria...) constitúen probas indiciarias suficientes para deducir razoadamente a certeza dunha dobre proposición do mesmo licitador no procedemento de adxudicación conculcándose de plano, en prexuízo dos demais licitadores, o artigo 145.3 do TRLCSP. O efecto derivado da concorrencia de dúas propostas presentadas por un mesmo empresario é a non admisión de ambas.*

*A este respecto, a sentenza nº 709/2007, Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, nos seus fundamentos de dereito dispón “Neste sentido a efectividade do mandato do artigo 80 do TRLACAP (hoxe artigo 145.3 ) non só impide que un mesmo licitador, sexa persoa física ou xurídica, presente nun determinado procedemento de adxudicación máis dunha proposición, senón que veda tamén que o mesmo licitador faga máis dunha proposición mediante o mecanismo de interpoñer unha ou varias persoas xurídicas que baixo a cobertura formal da diferente personalidade xurídica, denominación social e patrimonio propio, distinta do resto das persoas físicas ou xurídicas que concorren, permita no fondo conseguir o que el artigo prohíbe, a saber, que cada licitador presente máis dunha oferta, o que constitúe un suposto acabado de fraude de lei. Para analizar se nun caso determinado as proposicións que presentan dúas persoas xurídicas distintas nun mesmo procedemento de adxudicación, son en realidade varias proposicións dun mesmo licitador, a xurisprudencia acude xa desde hai tempo ao mecanismo ou técnica coñecida como levantamento do velo. Que trata de descubrir se baixo a aparencia da personalidade xurídica de sociedades ou empresas aparentemente distintas e sen relación ningunha entre elas, nos encontramos en realidade cunha ou varias persoas físicas ou xurídicas que son unhas e as mesmas en tales sociedades ou empresas diferentes(...) Esta técnica do levantamento do velo no caso do artigo 80 do TRLCAP, permite a apreciación do control e dominio efectivo das distintas sociedades licitadoras pola mesma persoa, sen necesidade de facelo mediante un procedemento ou análise rixida (...)”.*

*Pola súa parte, a Sentenza nº 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña nun caso similar, dispón que “A exclusión realízase con fundamento na prohibición de proposicións simultáneas regulado no artigo 81 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das Administracións Públicas (...) A xuízo da*

*Administración, concorre verdadeiramente esa identidade de licitadores a pesar da súa diferenza formal. Presentáronse dúas empresas cun mesmo representante legal; unha empresa individual da que é titular o recorrente e unha sociedade limitada da que é administrador único ...(..) Todas estas circunstancias acreditan o acerto da resolución impugnada polo que procede a desestimación deste recurso (..).”*

*Sétimo.- Na interpretación do artigo 6.4 do Código Civil é doutrina reiterada do Tribunal Supremo a non esixencia de proba de intencionalidade, unha intencionalidade que inclusive é de apreciar neste expediente.*

*O fraude de lei «require como elemento esencial, un acto ou serie de actos que, pese á súa aparencia de legalidade, violan o contido ético dos preceptos nos que se amparan, xa se teña ou non conciencia de burlar a Lei» (SSTS, entre outras, 17.04.1997; 3.02.1998 e 21.12.2000). Caracterízase (SSTS de 4.11.1994; 23.01.1999; 27.5.2001; 13.06.2003 e outras) pola presenza de dúas normas: a coñecida como «norma de cobertura», que é á que se acolle quen intenta o fraude, e a que, a través desta, se pretende eludir, denominada «norma eludible ou soslaiable», ademais ten que perseguir un resultado contrario ao ordenado ou prohibido imperativamente. O fraude de lei «é unha manifestación obxectiva que xorde, e é de apreciar, pola concorrencia dos requisitos que o configuran», STS 02.03.2006.*

*No fraude de lei é preciso que quen o propugna subministre ao xulgador os elementos de feito precisos, puntuais e rigorosos para levar o seu ánimo o convencemento de que co o procedemento empregado se ten evitado a actuación da norma infrinxida, neste caso o artigo 145.3 do TRLCSP.*

*Oitavo.- Tamén cabe falar de “abuso de dereito” no uso da personalidade xurídica societaria; a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. por parte de D. Francisco Javier Valverde Ríos implica, en inicio, unha evidente e manifesta inexistencia de utilidade material, conduta impropia da dilixencia que se presume de calquera administrador societario, en tanto en canto D. Javier Valverde Ríos, coñecedor da oferta de OH VIGO, S.L., era consciente de que a proposición de VIGO EVENTOS, S.L. -ao ofertar un “canon” sensiblemente inferior a ofertado por OH VIGO, S.L.- en ningún caso podería ser adxudicataria no procedemento licitatorio ao non ser que a mercantil OH VIGO, S.L. renunciara á súa oferta, feito ou ardid que finalmente tivo lugar. Razón suficiente para manifestar sen inquietude que a presentación da oferta de VIGO EVENTOS, S.L. tan só tiña un fin, posibilitar a retirada da oferta presentada por OH VIGO, S.L., primeira clasificada, no suposto de que a súa fora clasificada en segundo lugar. Este comportamento causa dano aos terceiros licitadores no procedemento.*

*Noveno.- D. Javier Valverde Ríos é o administrador único e o representante legal das mercantís OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., ambas mercantís teñen o mesmo socio único, o mesmo obxecto social, o mesmo correo electrónico e teñen sido demandadas polos mesmos traballadores. No procedemento de licitación, concluído o trámite de clasificación de ofertas, D. Javier Valverde Ríos, non presentou a documentación requirida retirando, en*





## Concello de Vigo

consecuencia, a proposición clasificada en primeiro lugar, OH VIGO, S.L., en exclusivo beneficio da mercantil VIGO EVENTOS, S.L.

Todas estas circunstancias son indicios suficientes para acreditar que, ao abeiro de distinto CIF, de distinta personalidade xurídica -normas de cobertura- D. Javier Valverde Ríos, alcanza o obxectivo de presentar, no procedemento de licitación para a adxudicación do servizo de cafetería no Concello de Vigo, dúas proposicións, conseguindo con iso un resultado prohibido polo ordenamento xurídico ao vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP. Razón suficiente para entender que, neste contexto e contido ético, tal actuación ten sido executada en fraude de lei, artigo 6.4 do Código Civil, e con abuso de dereito, articulo 7.2 da mesma norma, o que non impide nin a aplicación da norma defraudada co fin de evitar a utilización da distinta personalidade xurídica societaria como instrumento defraudatorio, nin a adopción de medidas administrativas que impidan a persistencia no abuso que non poden ser outras que as de rexeitar ambas proposicións.

De conformidade co exposto, seguindo a S. 199/2002 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña e a S. 709/2007, da mesma sala do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, que resollen casos similares ao proposto, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade excluír deste procedemento a VIGO EVENTOS, S.L., representada por D. Francisco Javier Valverde Ríos, administrador único e socio único desta empresa e de OH VIGO, S.L., como administrador único e socio único, de conformidade co previsto no artigo 145.3 do TRLCSP e propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

1. “Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2018 do licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., por vulnerar o artigo 145.3 do TRLCSP (“cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición”).
2. Requirit ao licitador clasificado en terceiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de abril de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):
  - Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
  - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
  - A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
  - Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
3. Requirit ao licitador clasificado en terceiro lugar o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Cuarto.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, RESTAURACIÓN A-52, S.L., o día 14 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 29 de maio, dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RESTAURACIÓN A-52, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A terceira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RESTAURACIÓN A-52, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 23 de marzo de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) coas seguintes condicións:*

- a) Propón a instalación de 8 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- b) Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- c) Propón a instalación de 3 máquinas de dispensación de snacks e similares nos lugares indicados no Anexo III do PPT.*
- d) Propón a instalación de 3 fontes de auga mineral de dispensación gratuíta nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*



## Concello de Vigo

- e) *Propón a instalación de 7 máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- f) *Propón a instalación de 2 máquinas de dispensación de snacks e similares nas instalacións municipais en lugares distintos dos indicados no Anexo III do PPT.*
- g) *Propón un canon anual de 8.520 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(602).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR REALIZADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2018. EXPTE. 17467/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 4/06/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2018, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBJECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE C/IVE
931-611	SERVIZOS PREVENCIÓN E CONTROL LEXIONELA EN SISTEMAS DE AUGA SANTIARIA QUENTE E AUGA FRIA DE CONSUMO HUMANO Partida: 3420.2270001 RCM: 12422	AGRONERGA, S.L. (B36448652)	26/01/18	31/12/18	9 741,60 €
17016-333	SERVIZOS ASISTENCIA TÉCNICA CÁLCULO DE INSTALACIÓNS PREVISTAS NO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓN DE DIVERSOS CAMPOS DE FÚTBOL DO CONCELLO DE VIGO Partida: 3410.2270601 RCM: 12421	BERNARDO J. PA-RAJÓ CALVO (52450175D)	26/01/18	01/04/18	17 516,44 €

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE C/IVE
1982-611	SERVIZOS DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN E PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DOS CENTROS DE TRANSFORMACIÓN DA PISCINA DE LAVADORES E NO PAVILLÓN CENTRAL DAS TRAVESAS E PARA A SUBSTITUCIÓN DUNHA DESHUMECTADORA NA PISCINA DE TEIS Partida: 3410.22706010 RCM: 21081	BERNARDO PARAJÓ CALVO (52450175D)	27/02/18	31/12/18	3 630,00 €
1912-611	SUBMINISTRO MATERIAL DE FONTANERIA Partida: 3420.2120000 RCM: 9454	COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, S.L. (B36739233)	22/01/18	31/12/18	11 000,00 €
1964-333	SERVIZO REALIZACIÓN DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO SISTEMA DE POTABILIZACIÓN DA AUGA NO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL Partida: 3420.2130000 RCM: 17237	COSTAS Y OTERO, S.L. (B36749075)	22/02/18	01/04/18	17 731,34 €
1935-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE, COMUNICACIÓNS E OUTROS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3420.2270100 RCM: 15597	DESARROLLOS DE SEGURIDAD Y COMUNICACIONES, S.L. (B24243685)	13/02/18	31/12/18	4 359,73 €
1929-611	MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL SISTEMA DE ALARMAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICI-PAIS Partida: 3420.2270100 RCM: 12423	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, S.L.U. (B36634715)	26/01/18	31/12/18	3 323,63 €
1913-611	SUBMINISTRO MATERIAL DE FERRETERIA Partida: 3420.2120000 RCM: 9453	FERRETERIA VALFER, S.L. (B36913002)	22/01/18	31/12/18	10 000,00 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE C/IVE
16993-333	Servizos realización Trofeo top 25 Tunning Internacional Concello de Vigo Partida: 3410.2260901 RCM: 10128	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL (B36945137)	23/01/18	15/03/18	13 000,00 €
2004-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3410.2279905 RCM: 23410	MADINFOR GLOBAL, SL. (B27721687)	07/03/18	31/12/18	3 819,56 €
2005-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO CORRECTIVO E REPARACIÓNS NOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Partida: 3420.2190000 RCM: 23849	MADINFOR GLOBAL, SL. (B27721687)	07/03/18	31/12/18	4 000,00 €
1927-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO Partida: 3420.2120000 RCM: 10134	MARESA ELECTRICIDAD, SLU (B36627461)	23/01/18	31/12/18	10 500,00 €
1925-611	SERVIZO REALIZACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DE EQUIPOS INFORMÁTICOS Partida: 3420.2160000 RCM: 10132	MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS OTERO (52499410R)	23/01/18	31/12/18	5 989,50 €
1914-611	SUBMINISTRO MATERIAL DE PINTURAS Partida: 3420.2120000 RCM: 13336	MORGASA S.L. (B36627677)	17/01/18	31/12/18	8 000,00 €
17008-333	Servizos Control carreiras Run Run Vigo 2018 Partida: 3410.2260901 RCM: 13292	MULTISPORTS GALICIA, SL (B27266113)	30/01/18	31/12/18	10 084,15 €
1936-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO LEGAL DOS ELEVADORES E DA PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS NOS PAVILLÓNS DE BOUZAS, COIA, BERBÉS E PISCINA DO CARME Partida: 3420.2279914 RCM: 14301	NEXOTED, S.L. (B36907699)	06/02/18	31/12/18	2 256,65 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE C/IVE
1977-611	SERVIZOS MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL ASCENSORES Partida: 3420.2279904 RCM: 21078	ORONA, S.COOP (F20025318)	27/02/18	31/12/18	5 301,83 €
1915-611	SUBMINISTRO MATERIAL DE ELECTRICIDADE Partida: 3420.2120000 RCM: 13335	ORVILUX ELECTRICIDAD S.L. (B36796829)	17/01/18	31/12/18	10 500,00 €
1983-611	Servizo de arranxo e mantemento da megafonia nas instalacións deportivas municipais Partida: 3420.2130000 RCM: 20087	SONIDO COLLAZO, S.L. (B36392689)	26/02/18	31/12/18	6 000,00 €
1926-611	SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS E REPOSICIÓN DE CONTEDORES HIXIÉNICOS Partida: 3420.2270001 RCM: 10133	SRCL CON-SENUR, S.L. (B86208824)	23/01/18	31/12/18	4 385,70 €
1923-611	SERVIZO DE MANTEMENTO, PARAMETRIZACIÓN E CONFIGURACIÓN DE BIBLIOTECAS WEBSERVICES DA APLICACIÓN DE XESTIÓN DEPORTIVA Partida: 3420.2279907 RCM: 9500	T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A. (A64728918)	22/01/18	31/12/18	5 472,68 €
1963-611	SERVIZO LICENCIA INSTITUCIONAL PROGRAMA DE XESTIÓN DEPORTIVA Partida: 3420.2279907 RCM: 17236	T-SYSTEMS IBERIA, SAU (A81608077)	22/02/18	31/12/18	13 915,00 €
16999-333	Servizos de traslado, montaxe e desmontaxe de diversas infraestruturas deportivas da Concellería de Deportes Partida: 3410.2260901 RCM: 9466	TEAM RELAY SL (B36963601)	19/01/18	31/12/18	21 659,00 €
1984-611	SERVIZO DE REVISIÓN E MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DUNHA PLATAFORMA ELEVADORA Partida: 3420.2279915 RCM: 21079	TERMISER SERVICIOS INTEGRALES, S.L. (B84374982)	27/02/18	31/12/18	1 046,40 €



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(603).- DAR CONTA, DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO-VIVIENDA - ANO 2018. EXPTE. 57310/513.**

Dáse conta da resolución de data 22/05/18 do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe Proposta do Xefe do Servizo de Admón de Tributos, conformado pola Dirección de Ingresos, de data 21 de maio de 2018

### **RESOLVO:**

- 1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2018**, por un importe total de **11.767.042,10.- Euros, (ONCE MILLÓNS SETECENTOS SESENTA E SETE MIL, CUARENTA E DOUS, CON DEZ CÉNTIMOS)**, que consta de **144.870** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D<sup>a</sup> MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
- 2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
- 3. Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **10(604).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO NO MES DE FEBREIRO DE 2018. EXPTE. 15346/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 1/06/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de marzo de 2018:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
15034/77	CM SER	Servizo mantemento aplicativo xestión VIGO INTEGRAL	Xenérico	2600 €
15035/77	CM SER	Servizo mantemento e actualización páxina web VIGO INTEGRAL	Hermes sistemas, SL	5140,08 €
15039/77	CM SER	Aluguer equipos informáticos e multimedia para o obradoiro de emprego Vigo Capacita IV	Xenérico	1900 €
15040/77	CM SUB	Subministro consumibles informáticos para os programas de emprego	Xenérico	5000 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(605).- AUTORIZACIÓN ASISTENCIA A PROGRAMA FORMATIVO E LIBRAMENTO A XUSTIFICAR DO EFECTIVO CON NP 79.369. EXPTE. 32086/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 31/05/18, dáse conta do informe-proposta do 30/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, o tesoureiro municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 24/05/2018 comunicouse ao efectivo NP 79.369, con DNI \*\*\*\*\*555L, a selección para a participación no programa de entrenamento directivo "Liderazgo e Innovación", convocado pola Universidade Internacional de La Rioja (UNIR) en exclusiva para o seu alumnado.

Dito programa conta coa colaboración do Merton College, Universidade de Oxford, onde se desenvolverá durante 5 días (do 6 ao 10/08/2018) e conta unicamente con 30 prazos.

Ao efectivo relacionado foille outorgada beca de excelencia académica durante o presente curso 2017-2018 para cursar estudos universitarios oficiais tendentes á obtención do título





## Concello de Vigo

de Master na UNIR, en atención á súa traxectoria e carreira profesionais.

Dado que se trata dun programa íntegramente en inglés, deberá acreditarse dominio de lingua inglesa falada e escrita, dada a necesidade, para a superación do programa, de elaboración dun proxecto final de curso e conseguinte defensa pública.

Esta breve formación intensiva de alto nivel conta con profesorado especializado en liderazgo, deseño do pensamento, creatividade e comunicación procedente das Universidades  
siguintes:

- Universidade de California, Los Ángeles (UCLA), USA.
- Universidade de Potsdam, Escuela de Estudios Avanzados Design Thinking, Hasso Platter Institute.
- Universidade de Stanford, Escuela de Design Thinking.
- Universidade de Harvard.
- Universidade de Barcelona.

O custe da matrícula é de 2.000 euros, que se reducen a 1.600 si se formaliza a reserva de praza antes do 30/05/2018.

Non se xeneran dietas en concepto de aloxamento e manutención, ao estar incluídos no prezo da matrícula no colexio universitario Merton College de Oxford, xenerándose o devengo de gastos en concepto de desprazamento ata o concreto lugar de realización do programa formativo e regreso.

Por tanto, e considerando que a autorización da asistencia a cursos de máis de 3 días de duración é competencia da Xunta de Goberno Local -v. acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegacións competenciais nos concelleiros/as delegados/a de Área (apartado Segundo, punto 7)-; en virtude das competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade na Administración Local, coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal e Persoal; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar a asistencia e conseguinte participación do efectivo NP 79.369, con DNI \*\*\*\*\*555L, no programa de entramento directivo "Liderazgo e Innovación", convocado pola Universidade Internacional de La Rioja (UNIR), a realizar en Merton College, Universidade de Oxford, do 6 ao 10 de agosto do 2018.

**SEGUNDO.-** Autorizar libramento a xustificar por importe de 3.200 euros en favor do efectivo NP 79.369, con DNI \*\*\*\*\*555L, desglosados como seguidamente se sinala:

-con cargo á aplicación orzamentaria 9201.162.0001 dos vixentes Orzamentos Municipais un importe de 1.600 euros en concepto de matrícula.

-con cargo á aplicación orzamentaria 92012312000 dos vixentes Orzamentos Municipais un importe de 1.600 euros en concepto de gastos de desprazamento.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que o libramento a xustificar indicado no parágrafo anterior se faga efectivo na conta restrinxida de pagos aperturada na Tesourería Municipal, con nº c/c 20805000673110287909.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(606).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL FONTANEIRO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 31959/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 03/05/2018, o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha oficial fontaneiro, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04/05/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de sete oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 23/05/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 249-oficial fontaneiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



## Concello de Vigo

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 03/05/2018, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha oficial fontaneiro/a, supón un gasto de **11.717,12 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.288,44 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Fontaneiro/a existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Marcos Rodríguez Rodríguez, con DNI \*\*\*\*\*991-H**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e

vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito de data 16/05/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **oficial fontaneiro/a** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, contidas no escrito do 03/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.717,12 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Marcos Rodríguez Rodríguez, con DNI \*\*\*\*\*991-H**, na súa condición de seguinte aspirante na lista, que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 249-Oficial fontaneiro, sendo adscrito/a ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.



## Concello de Vigo

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(607).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOVA”. EXPTE. 3614/443.**

Visto o informe de fiscalización do 1/06/18, dáse conta do informe-proposta do 29/05/18, asinado pola técnica de xestión Feder-Vigo Vertical, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** Por Decreto de Alcaldía de data 13.01.2017, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de cubrición de patios de colexios, entre outras.

**II.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 28.04.2017 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de execución das obras de “Cubrición do patio do Colexio Canicouva”, a prol da empresa ALAMEDA12, S.L. (B36121333).

**III.-** O A empresa ALAMEDA12, S.L presenta borrador do proxecto “Cubrición do Patio do Colexio Canicouva”, redactado polo Arquitecto Colexiado no 649 do COAG, D. José Enrique Pérez – Ardá Criado cun orzamento base de licitación máis IVE de 277.551,62 €.

**IV.-** O Enxeñeiro de Edificación, en data 13.11.2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 15.11.2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**V.-** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3230 “Funcionamento de centros docentes de ensinanza” a aplicación orzamentaria 3430.622.00.05 “Cubrición de patios de colexios”.

**VI.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización das obras de cubrición do patio do colexio Canicouva, da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria de data 25.04.2018, no tocante ó cumprimento da normativa vixente de protección do patrimonio cultural de Galicia, por atoparse a edificación do CEIP Canicouva no contorno de protección do Pazo de Castrelos, Parque Quiñones de León e Pazo de Valladares, declarados B.I.C de categoría xardín histórica, polo Decreto de 25 de febreiro de 1955.

**VII.-** A actuación desenrolase no colexio público Canicouva: sito na rúa Canicouva nº 22, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

➤ Previa retira do equipamento deportivo e báculos existentes procederase a demolición dunha parte da soleira existente para a continuación proceder a escavación necesaria para a colocación do pilotaxe indicado no proxecto como cimentación, posterior execución do encepado dos micropilotes, coas súas correspondentes vigas centradoras de formigón armado.

➤ Posterior colocación de piares prefabricados de formigón armado, sobre eles colocaranse vigas e viguetas de madeira lamina ancladas con elementos metálicos e posterior execución de material de cubrición a base de chapa metálica prelacada con formación de faldóns de policarbonato celular, e canalóns, baixantes así como a súa conexión as conducións actuais.

➤ Reposición do pavimento danado, con seu acabado igualando o existente reposición de luminarias e equipamento deportivo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

**VIII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite informe en data 28.05.2018 indicando o seguinte:

*“O presente proxecto dispón de informe favorable da Consellería de cultura de data 25/04/2018, por atoparse dentro do ámbito de respecto do parque de Castrelos.*

*No que corresponde a diferenza de datas entre o proxecto presentado a Consellería para a súa aprobación e o que da lugar a este informe, indicase que neste ultimo non se alteran as condicións*

*básicas, estrutura e acabados previstos no proxecto anterior, xa que unicamente xofren*





## Concello de Vigo

*alteración os aspectos xustificativos da memoria para adecualos a lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), así como o prazo das obras, que entendo que non varían os aspectos técnicos nin construtivos do proxecto proposto tanto o anterior como o actual.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación afecta a estabilidade, seguridade e estanzidade da obra, e polo tanto o presente informe ten carácter preceptivo.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do

Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA", redactado polo Arquitecto Colexiado no 649 do COAG, D. José Enrique Pérez – Ardá Criado cun orzamento base de licitación máis IVE de 277.551,62 € e data maio de 2018.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(608).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR REALIZADOS POLA CONCELLERÍA DE TURISMO NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2018, EXPTE 7098/104.**

Dáse conta do informe-proposta de data 4/06/18, asinado pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento par ao ano 2018, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, Ana Laura Iglesias González, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Turismo (funcional 4320, durante os meses de Xaneiro, Febreiro e Marzo do ano 2018, que se relacionan deseguido:

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
<b>6918-104 (G)</b> <b>CM Suministros</b> <b>Prensa, revistas e outras publicacións</b> 4320.2200100	RCM 6868 1.125,00 €	La Voz de Galicia A15000649: 365€ Faro de Vigo A36600815: 760€	29/12/17 - 31/12/18
<b>6919-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Transporte</b> 4320.2230000	RCM 5913 5.000,00 €	Sociedad Estatal de Correos A83052407	29/12/17 - 31/12/18
<b>6926-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b>	RCM 6866 21.778,79 €		08/01/18 -



## Concello de Vigo

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
<b>Actividades de promoción turística</b> 4320.2279904			31/12/18
<b>6927-104 (G)</b> <b>CM Suministros</b> <b>Impresión material gráfico</b> 4320.2260200	RCM 6867 21.778,79 €	Feito SL B36642858: 1621,4€ Suarez Martínez Jose Ángel 36074727D: 411,4€ Torea Conde M Jose 36062956Z: 2,982,65€ Visual Graphics Imagen y Publicidad SL B36892016: 343,91€	08/01/18 - 31/12/18
<b>6931-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Guías e azafatas</b> 4320.2279900	RCM 6871 10.000,00 €	Aguías de Vigo SL B27814359: 816,75€ Martin Ponte 36097331G: 181,5€	08/01/18 - 31/12/18
<b>6934-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Traducción</b> 4320.2270602	RCM 6873 10.000,00 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6941-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Inserciones publicitarias</b> 4320.2260200	RCM 7751 21.778,79 €	RBA Publiventas SAA08701641: 3630€ Servicios Industriales Pesqueros SA A36602647: 1445,95€	10/01/18 - 31/12/18
<b>6946-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Reuniones y conferencias</b> 4320.2260600	RCM 7755 10.000,00 € RCC 23456 3.000,00 € RC/31368 (anulación) 2.231,00 € <u>10.769,00 €</u>	Rolland Etchevers 36099524N: 10769€	10/01/18 - 31/12/18
<b>6947-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Conservación y sinalización turística</b> 4320.2100000	RCM 7757 5.000,00 € RC/ 48192 (anulación) 5.000,00 € <u>0,00 €</u>		10/01/18 31/12/18
<b>6949-104 (G)</b>	RCM 10156 3.000,00 €		

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
<b>CM Servicios</b> <b>Prestaciones de servicios durante campañas de promoción</b> 4320.2279904			10/01/18 - 31/12/18
<b>6950-104 (G)</b> <b>CM Suministros</b> <b>Adquisición de material promocional</b> 4320.2260200	RCM 7759    21.778,79 €	Alma Mater SL B36837037: 4278,56€	10/01/18 - 31/12/18
<b>6951-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Actualización de las audioguías</b> 4320.2279904	RCM 7760    21.778,79 € RC/ 42346    21.778,79 € (anulación) 0,00 €		10/01/18 - 31/12/18
<b>6986-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Promoción Vigo-Campaña Semana Santa</b> 4320.2260200	RCM 16674    21.778,79 € RC/ (anulación en trámite)    20.992,29 € 786,50 €	Portal Literario 2020 SL B15898661: 786,5€	01/02/18 - 31/12/18
<b>6987-104 (G)</b> <b>CM Suministros</b> <b>Adquisición de merchandising promocional illas Cíes</b> 4320.2260100	RCM 16675    21.778,79 €		01/02/18 - 31/12/18
<b>6920-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Viaxe e estancia de delegación en Vigo Fitur</b> 4320.2260100	RCM 5910    21.778,79 € RC/ 31365    10.374,26 € (anulación) 11.404,53 €	Zonda SL B15034499: 9488,02€ Martinez Piquenque 36092335E: 1709,92€ Viajes Corte Inglés SA A28229813: 182€ Central Radio Taxi F36625499: 24,59€	29/12/17 - 31/12/18
<b>6921-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b>	RCM 5911    21.778,79 € RC/31366    19.177,29 € (anulación)	Contidos e Mensaxes SL B15856321: 1391,50€ Corredera Llauger 36137680B: 1210€	29/12/17 - 31/12/18



## Concello de Vigo

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
<b>Acto de presentación de Vigo en Fitur</b> 4320.2279906	<u>2.601,50 €</u>		
<b>6922-104 (G)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Promoción de Vigo Gastronómico</b> 4320.2279906	RCM 5912 5.000,00 € RC/ 31367 (anulación) 1.190,00 €  <u>3.810,00 €</u>	Compañía Trópico Café B60481710: 3810€	29/12/17 - 31/12/18
<b>6952-104 (N)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Seguimiento del Evento en Fitur 2018 en radio</b> 4320.2260200	RCM 7730 15.808,65 €  RCC 17046 1.633,50 €  <u>17.442,15 €</u>	Radio Vigo SA 436612414: 8470€ Radio Popular SA Cope A28281368: 3630€ Uniprex A28782936: 3708,05€  Radio Blanca SA A79126082: 1633,50€	17/01/18 - 31/12/18
<b>6953-104 (N)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Inserciones publicitarias en varios especiales de Fitur 2018</b> 4320.2260200	RCM 8155 18.735,01 €  RC/ (anulación en trámite) 0,22 €  <u>18.734,79 €</u>	Editorial Compostela SA A15000391: 4537,5€ Unidad Editorial SA A79102331: 3630€ La Región SA A32100653: 2762,80€ Prisa Brand Solutions SL B41831678: 4235,01€ La Voz de Galicia A15000649: 3569,5€	12/01/18 - 31/12/18
<b>6954-104 (N)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Retransmisión en streaming en varias web de presentación de Vigo en Fitur 2018</b> 4320.2260200	RC 8159 13.871,44 €	Faro de Vigo SAU A36600815: 4162,40€ Editorial Castrelos SL B27815786: 999,46€ Rias Baixas Comunicacions SA A36643674: 5445€ Tresyuno Comunicacion SA B27732882: 1815€	12/01/18 - 31/12/18

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
		Xurimaru Servicios Comunicación 2010 SL B70271630: 784,08€  Europa Press Delegaciones SA A41606534: 665,5€	
<b>6923-104 (G)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Gastos de gestión de diversos trabajos técnicos derivados de la promoción turística en el CRV</b> 4320.2279904	RCM 6339 21.778,79 €	Luz Puntual SL B15793433: 2214,3€  Maruxa S.Coop.Galega F27826163: 4210,8€	29/12/17 - 31/12/18
<b>6929-104 (G)</b>  <b>CM Suministros</b>  <b>Adquisición de vestuario e uniformes</b> 4320.2210400	RCM 7754 3.000,00 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6933-104 (G)</b>  <b>CM de Servicios</b>  <b>Mantenimiento del CRV</b> 4320.2279903	RCM 7720 21.778,79 €  RC/ (anulación en trámite) 15.172,94€  6605.85 €	Consorcio Zona Franca V36611580: 6605,85€	08/01/18 - 31/12/18
<b>6935-104 (G)</b>  <b>CM Suministros</b>  <b>Adquisición material oficina</b> 4320.2200000	RCM 6870 1.000,00 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6942-104 (G)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Limpieza instalaciones turísticas</b> 4320.2270000	RCM 7752 15.000,00 €	Mantelnor Limpiezas SL B15857220: <u>AD 31455 10.000€</u>	10/01/18 - 31/12/18
<b>6945-104 (G)</b>  <b>CM Servicios</b>  <b>Otros gastos de mantenimiento</b>	RCM 7753 13.000,00 €	Hernandez Rodriguez Nestor 54383945P: 89,54€  Figueras Cabaleiro Pedro 36092402C: 1089€  Readspeaker Webservices B65233082: 1179,75€	10/01/18 - 31/12/18



## Concello de Vigo

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
4320.2279903		Rotulación Doss B36790731: 597,74€ Acelec Instalaciones Electricas SL B36955763: 473,85€	
<b>6967-104 (G)</b> <b>CM de Servicios</b> <b>Acondicionamiento de bienes inmuebles</b> 4320.2120000	RCM 12456 12.463,81 €	Persianas Jumar SL B36788909: 3242,5€ Rotulación Dos B36790731: 484€ Visual Graphics Imagen y Publicidad SL B36892016: 327,91€	24/01/18 - 31/12/18
<b>6928-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Atenciones protocolarias</b> 4320.2260100	RCM 6869 21.778,79 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6930-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Bus turístico</b> 4320.2279906	RCM 7718 21.778,79 € RC/ 42345 21.778,79 € 0,00 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6932-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Atenciones protocolarias para movilidad</b> 4320.2279906	RCM 6872 2.000,00 €		08/01/18 - 31/12/18
<b>6948-104 (G)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Visita a las islas Cíes a temporada baja</b> 4320.2279904	RCM 7758 21.778,79 €	Naviera Illa de Ons B36299667: 1812,8€	10/01/18 - 31/12/18
<b>7008-104 (N)</b> <b>CM Servicios</b> <b>Plan promoción Turística de "Vigo Experience 2018"</b> 4320.2279907	RCM 17150 21.175,00 €	Asociación de Hostelería de Vigo G36893956	21/02/18 - 31/12/18
<b>7019-104 (N)</b> <b>CM Servicios</b>	RCM 23461 3.448,50 €	Gaed Medios de Comunicación SL B27744606	07/03/18 - 31/12/18

CONTRATO	IMPORTE	ADJUDICATARIO	DURACIÓN
Impresión e distribución de tarxetas de Vigo Infoards 2018 4320.2260200			

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada

**15(609).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez